

CÁNDIDO BRANCO E O CABALEIRO NEGRO

Amigas e amigos.

Invítolles hoxe a percorrer da man de Darío Xan Cabana unha fermosa historia.

INVITOLLES a percorrer con Cándido Branco e mais o Cabaleiro Negro un tempo da nosa aventura como povo.

Nunha ínsua, un home do común fai que sexa posíbel trasformar a historia. Ergue unha cidade onde o froito do traballo individual fai que non sexan esquecidas as obrigas comunais, nem as relacións de solidariedade.

Concreta a construción da nosa historia coma un grande feito. Cántaa ao xeito da materia de Bretaña, do ciclo artúrico, mas non nas formas, que son paisaxe da acción, senón no fondo, no xeito de construila, de ser Arquitecto da Casa do Común. Na historia real e na historia maximaria aparecen diante nosa símbolos como a illa, o grande río, o barqueiro, o cabaleiro, os povos que veñen do mar e un neno que, coma se dun xogo se tratase, quer participar na transformación da realidade.

O río que desce das montañas ao traverso de chairas e vales, amplio coma unha lagoa ou de augas rápidas, o río coma símbolo da existencia humana e o seu fluír do fluír da nosa historia, nun suceder dos acontecementos, inumeraveis. O río de onde todo vén e onde todo retorna ,o Grande Río no que o narrador fai afortunado ao povo que o habita e constitúe nación nas súas marxes xenerosas.

A illa, o centro primordial, o paraíso nesta terra, ese lugar que só é habitado por quien posui valores imortais. A illa, imaxe do mundo, imaxe do cosmos completa e perfecta, lugar de marcado carácter simbólico na literatura artúrica, refuxio frente ao mundo exterior, que contén a cidade onde o narrador sitúa a acción das nosas persoaxes, nela conflúen dous seres que son cabaleiro e escudeiro mas que ben poderían ser mestre e neófito nun rito de iniciación á vida Cándido vai na busca do seu iniciador

Cándido Branco, de catorce anos, neste tránsito iniciático do heroi, da man do Cabaleiro Negro, entrará na realidade, entrará de novo no ventre da terra mai e transitará a súa historia. O Cabaleiro Negro, ese ser protector e familiar, que aparece cando o soño está no linde do real, que aparece para que o soño siga a ser soño, que en Cándido Branco separa o grito de combate do grito de terror e desamparo. É no instante que separa o soño da vixía que o aparece sempre o cabaleiro negro coa súa presencia, o que nos nosos soños de infancia nos alonxava do despertar.

Faláballes dun proceso de iniciación de Cándido Branco, mais si nas iniciacións é o iniciado o que recebe os segredos aquí, Cándido, para ser aceptado como entorno do Cabaleiro Negro, oferécello o propio segredo, o más preciado, en troques de ser iniciado aos saberes do cotidiano. Cándido Branco dálle o tesouro das súas moedas, e o Cabaleiro Negro darálle o tesouro da súa experiencia e así poderán os dous sobreviver á hostil realidade.

Un cabaleiro, en fin, que se move no plano do real, do cotián mas, aínda así, é capaz de salvagardar o mundo dos soños de Cándido Branco, que é o seu propio mundo, os propios soños do Cabaleiro Negro.

Sabemos que o cabaleiro é un elemento importantísimo da cultura universal pois, xa que logo, expresa en forma de símbolos, importantísimos valores: ser cabaleiro significa lealdade a unha creencia á que se compromete a vida. Ser cabaleiro é ser o señor da súa montura, o señor de si propio, podemos dizer que o cabaleiro realizase na acción dunha gran causa e que só poderá ser pervertido, na sua simboloxía, polo poder e mesmo pola riqueza como pago ás súas accións.

Mas o cabaleiro da nosa historia ten unhas características mui de seu: As que lle son proprias aos cabaleiros da Táboa Redonda, mas non só é un home do común que facendo seus os valores da cabalería e tomando por nome o algo tan popular coma un alcume que nos identifica cun veciño de porta calisquer, o paadeiro, o telleiro, o zapateiro, etc, parte para transformar a realidade cos seus ideais.

Un cabaleiro que desaparella a besta coma labrego de noso pola noitiña cando retorna de facer o labor e prepara a propia cea con culler de madeira.

Máis que a idealización do cabaleiro guerreiro, vostedes atoparán o home errante para conxurar a propia soidade e gañar a vida de xeito mais folgado que nos traballos de labrego.

Un cabaleiro de si propio, das proprias conviccións, que vai en defensa dos desposuídos. Un referente moral que defende os intereses dos que non teñen pan, que observa a vida e participa dela ,naqueles feitos que conflúen co propio pensar e así se erguer en protagonista, en constructor da nosa historia.

Celebrará un ultimo torneo e será protagonista de esceas que habitan a memoria da nosa infancia.

Errante, erguera-se en señor, en eleixido para gobernar. Asistirán vostedes á chegada dos piratas que veñen ás nosas costas para se incorporar á construción, á constitución dun povo, piratas que se integran á marxe das estructuras de poder. Ollaremos como un povo afaise con outro povo, para ser un só povo.

Así, neste narrar un cotidián, asistiremos as esceas dun povo que vive demorándose nos faceres e nos labores. Neste narrar unha época da nosa historia e daquela que habita no maxín do narrador, dun home e mais dun rapaz a andar o propio camiño, converteráse na aventura dun povo a andar o propio camiño.

E neste percorrer a nosa propia memoria histórica coma o xograr, contaremos as batallas en verso e as traizóns en prosa, gardaremos no noso interior a memoria dun rei morto na traizón mais que endexamais morrerá en nós. E coma Cándido Branco estaremos a medrar en sabedoría e nobreza até nos converter nun Cabaleiro Negro a construir unha cidade, unha patria libre, cos seus alicerces no que de máis nobre e fermoso nos constitúe aos galegos. Co traballo solitario e insobornáveis ideais o narrador fai que este libro sexa habitado da Galicia soñada, da Galicia que é posibel, que si naquel tempo frustrou a súa aventura para ocupar o seu lugar entre o firmamento das nacións livres, segue a ser posível, sempre será posível, mentres exista a vontade criadora de escritores como Darío Xan Cabana, que bebe nas fontes da poesía, de onde ven e aonde vai o idioma bebido nas augas mais limpas e puras da Terra Chá.

Hoxe, días despois de leer este libro, non lles sabría dizer se o lin ou foi unha historia que escoitei un día nunha casa querida de meu, en Roás, nas terras de Cospeito. O narrador era un home de corazón amplio como a chaira, chamábase Ricardo, cálido no ser e pronto a compartir o pan feito no forno familiar: vai para el hoxe o meu recordo e a miña homenaxe nestas humildes e torpes notas.

Coa capacidade que todos e cada un de vostedes teñen de leer os soños, invítolle a entrar no soño de Cándido Branco e mais o Cabaleiro Negro, e construir a cidade, construir o soño dunha Galicia libre.